CONCURSO
DECORACIÓN DE NADAL

O Concello de Vilagarcía de Arousa a través da **Concellería de Promoción Económica,** convoca o

CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2026

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

A presente convocatoria ten por obxecto promover e incentivar a creatividade comercial no Concello de Vilagarcía de Arousa á hora de presentar os establecementos e facelos máis atractivos aos consumidores/as, reforzando a imaxe dos mesmos e dinamizando a actividade comercial e hostaleira do Municipio.

A **temática decorativa** estará inspirada no tempo de **Nadal** (en xeral) o que contribuirá a crear un ambiente festivo propio destas festas.
Dende o Concello premiarase aos establecementos participantes no Concurso que con motivo da *Campaña do Nadal 2026*, engalanen os escaparates e/ou os accesos aos establecementos, de acordo co establecido nas seguintes

B A S E S

PRIMEIRO. Poderán participar no concurso, todos os establecementos comerciais do Concello de Vilagarcía de Arousa (comercio retallista, restauración, hostalaría, vendedores da praza de abastos, etc.) que **o soliciten formalmente** a través da *Sede Electrónica do Concello* (sede.vilagarcia.gal) antes da data límite (15 de decembro) establecida nas presentes bases.

SEGUNDO. A inscrición para participar, formalizarase mediante **Instancia Xenérica** (**modelo de Solicitude: 01001**) a través da ***Sede Electrónica do Concello*** (sede.vilagarcia.gal), debidamente cumprimentada e **asinada**.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día seguinte á publicación das presentes Bases ata o **15 de decembro** (inclusive).

TERCEIRO. Xunto coa solicitude de inscrición, achegarase un **certificado de conta bancaria** (formato pdf). No caso de asociados do *Centro Comercial Aberto Zona Aberta* ou *Asociacións de Praceiros*, a asociación á que pertenzan poderá realizar as inscricións en representación dos seus asociados que así llo soliciten.

CUARTO. Formalizada a inscrición no concurso, os establecementos participantes deberán descargar e imprimir o modelo de **Cartel Distintivo do Concurso** (formato PDF, tamaño A4) de **"*Establecemento Participante*"** que terán á súa disposición no apartado: **Catálogo de Procedementos, Nª*50* *"Desenvolvemento Local"*** da *Sede Electrónica do Concello* (sede.vilagarcia.gal) e que deberá estar **colocado nun lugar visible** do seu escaparate (mirando cara a Rúa).

QUINTO. A decoración dos establecementos participantes no ***Concurso de Decoración de Nadal*** deberá **manterse** a lo menos, **ata o 6 de xaneiro de 2027.**

Os establecementos participantes deberán presentar a través da *Sede Electrónica do Concello* (sede.vilagarcia.gal) un máximo de **dúas fotografías** do escaparate en formato pdf, nas que sexa visible o **Cartel distintivo do Concurso**, indicando o **nome do establecemento** ao que pertenzan as fotografías e o seu **enderezo**.

SEXTO. A **Temática** decorativa a desenvolver no Concurso de decoración de Nadal 2026; será "**O Nadal"** (en xeral), deixando total liberdade no tocante á técnica e o estilo da decoración.

SÉTIMO. O Xurado estará composto de **tres membros**; dous deles serán persoas especialistas na materia e con coñecementos acreditados en decoración e/ou marketing comercial e un terceiro membro que será un Funcionario Municipal.

Os membros do xurado visitarán, **sen aviso previo**, durante o tempo que dura o concurso, todos os establecementos participantes.

A puntuación máxima outorgada será de **5 puntos**, sen prexuízo de que o xurado poida declarar deserto algún dos premios.

Para o outorgamento da puntuación, o Xurado terá en conta, especialmente a creatividade e orixinalidade da composición do espazo e o uso de materiais sostibles.

En caso de empate, o mesmo dirimirase po lo voto de calidade dun representante do Grupo de Goberno Municipal.

OITAVO. Establécense os seguintes premios:

- **Un** Primeiro premio de: **595 €**
- **Dous** Segundos premios de: **395 € c/u**
- **Dous** Terceiros premios de: **200 € c/u**

*** O Custo Total** dos Premios do Concurso de Decoración de Nadal: **1.785 €**

* Os Premios a os establecementos gañadores; serán entregados despois da firma da **Acta co fallo do Xurado**, a emisión da Acta non se producirá antes do **6 de xaneiro do 2027**.

*A aprobación con carácter anticipado destas **Bases** e do **Gasto** irá con cargo á **partida orzamentaria 4311 48100** do orzamento do **ano 2027,** quedando o Gasto subordinado á existencia de crédito no **Orzamento Municipal do exercicio 2027**.

NOVENO. A entrega das cantidades outorgadas en concepto de **Premio** a os establecementos gañadores, quedará condicionada á **Non existencia de débedas** dos participantes cos seguintes organismos:

.- Concello de Vilagarcía.
.- AEAT (Hacienda del Estado).
.- ATRIGA (Facenda da comunidade autónoma Galega).
.- Seguridade Social.

Serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda, de acordo coas normas tributarias.
A inscrición para participar no presente concurso implica a **aceptación das presentes Bases**.